

Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****LALÍN****Subvencións e axudas***O APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS
PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS
BANDAS DE MÚSICA DO CONCELLO DE LALÍN DURANTE O ANO 2025*

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS DE FUNCIONAMENTO DAS BANDAS DE MÚSICA DO CONCELLO DE LALÍN DURANTE O ANO 2025

De acordo co disposto no artigo 44.1 da Constitución: “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”.

Segundo o artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, os concellos teñen competencias propias en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais.

En aras do anterior o Concello de Lalín impulsa esta liña de subvencións encamiñadas a contribuir ao desenvolvemento cultural do municipio, facendo posible o fomento de actividades culturais nas súas múltiples manifestacións e favorecendo o dinamismo como feito susceptible de transformar e mellorar a realidade municipal.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como das Bases de execución do orzamento do Concello de Lalín para o ano 2025, o Concello de Lalín convoca unha liña de subvencións destinadas a financiar as actividades e os gastos de funcionamento das bandas de música e das agrupacións de música tradicional galega de acordo coas seguintes

BASES**PRIMEIRA- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

1.1.- Constitúe o obxecto das presentes bases a concesión de subvencións para a realización de actividades así como para sufragar os gastos de funcionamento das bandas de música e das agrupacións de música tradicional galega do Concello de Lalín



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

1.2.- Asimesmo, estas bases teñen como obxecto a regulación do procedemento de concesión de tales subvencións en réxime de concorrència competitiva.

1.3.- O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 12 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local; no Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2025, e respectando o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

1.4.- As axudas reguladas nestas bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín para o ano 2025 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de xaneiro de 2025, encadrándose na liña 1 do dito plan (fomento de actividades de carácter lúdico e de promoción do deporte, a cultura, as tradicións, o patrimonio, a educación e a mocidade). O obxectivo estratéxico desta liña é apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, aos centros educativos de carácter público e ás asociacións de diferente índole existentes en Lalín, con fins de carácter lúdico, social, cultural, deportivo, xuvenil e de promoción de tradicións.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

As subvencións reguladas ao abeiro destas bases faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 334.48930 ata un importe máximo de cen mil euros (100.000 euros) correspondente ao orzamento do Concello de Lalín para o ano 2025.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

CUARTA.- BENEFICIARIAS

4.1.- Serán beneficiarias destas subvencións as bandas de música e as agrupacións de música tradicional galega do Concello de Lalín sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar válidamente constituídas
- b) Ter o seu domicilio social en Lalín
- c) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e ter actualizada a información no mesmo

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:57YMK7BSY5KTYOV6



- d) Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no Concello de Lalín
- e) Estar integradas por un mínimo de 20 membros
- f) Contar con posto de dirección
- g) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lalín
- h) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social así como coa Administración Autonómica e co Concello de Lalín.

4.2.- En calquera caso, non poderán ter a condición de beneficiarias aquelas entidades nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

1.- ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas;

2.- solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso, salvo que neste houbese adquirido a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso;

3.- dar lugar, por causa da que foran declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración;

4.- estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente; non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que reglamentariamente se determinen;

5.- ter a residencia fiscal nun país ou territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal;

6.- Non atoparse ao corrente de pago das obrigas por reintegro de subvencións nos termos que reglamentariamente se determine;

7.- ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións según a presente lei ou a Lei Xeral Tributaria.

4.3. Todos os requisitos e condicións esixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

4.4.- As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases non poderán resultar beneficiarias das subvencións para actividades culturais convocadas polo Concello de Lalín



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

QUINTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Son gastos subvencionables aqueles nos que incorran as bandas de música e as agrupacións de música tradicional galega durante o período comprendido entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025, polos seguintes conceptos:

- Gastos de persoal do director e do profesorado (salario e gastos de seguridade Social).
- Desprazamentos con motivo do desenvolvemento da súa actividade (alugueiro de vehículos).
- Alugueiro e reparación de instrumentos.
- Gastos de vestiario.
- Organización de campamentos, cursos, seminarios e/ou outras actividades de carácter formativo ou cultural, sempre que a entidade non perciba contraprestación económica pola súa participación neles.
- Gastos de publicidade.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión levarase a cabo baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

SÉPTIMA.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

7.1.- As entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa a subvención entenderase tácitamente aceptada de acordo con artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

7.2.- Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

7.3.- Asimesmo, as entidades beneficiarias obríganse a:

- a) Desenvolver un programa de actuacións conxuntas, que consistirán na realización de xeito gratuito de cinco actuacións anuais para o Concello de Lalín (concertos, pasarrúas, inauguracións, procesións...)
- b) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento da súa actividade a participación e colaboración do Concello de Lalín.



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

- c) Facilitar toda a información que lle sexa requirida dende o Concello de Lalín, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto das presentes bases.
- d) Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.
- e) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento de realizar a xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

OITAVA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

8.1 As entidades que desexen acollerse a esta subvención deberán presentar unha única solicitude segundo o modelo que figura como Anexo I a estas bases reguladoras.

A presentación electrónica será obrigatoria e se algunha das entidades interesadas presentase a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. Para a presentación das solicitudes a sede electrónica do Concello de Lalín admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

8.2 Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1.- Documentación relativa á entidade

- a) Nif da entidade solicitante e DNI do representante
- b) Estatutos polos que se rexe a entidade xunto cos documentos que acrediten a inscrición en rexistros públicos, así como a acta de constitución cos cargos da actual xunta directiva.
- c) Orzamento anual de gastos e ingresos da entidade
- d) Memoria de actividades do ano anterior asinada polo representante da entidade
- e) Certificado do Secretario/a da entidade acreditativo da representación que ten a persoa que asina a solicitude así como de que a entidade conta con posto de dirección, do número de integrantes da banda de música ou número de alumnos/as da escola de música no seu caso. (Anexo II)
- f) Certificacións relativas a estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social así como fronte a Axencia Tributaria de Galicia. Así mesmo, comprobarase que se atopa ao corrente coas obrigas co Concello de Lalín.
- g) Declaración responsable de que a información que obra en poder do Rexistro Municipal de Asociacións está actualizada así como de que a entidade non está incurso en ningunha

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:57YMK7BSY5KTYOV6



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo III)

- h) Documentación acreditativa da traxectoria artística da entidade (gravacións, publicacións, premios ou colaboracións con solistas ou directores/as de reconocido prestixio)
- i) Compromiso de realización de actuacións (Anexo IV)
- j) Certificación actualizada dos datos bancarios da entidade solicitante

2.- Documentación relativa ás actividades ou gastos de funcionamento para os que se solicita a subvención

- a) Proxecto ou memoria explicativa das actividades para as que se solicita a subvención (Anexo V)
- b) Memoria explicativa do funcionamento da entidade (Anexo VI)
- c) Orzamento detallado das actividades ou dos gastos de funcionamento para os que se solicita a subvención con expresión do financiamento previsto e da contía solicitada ao concello de Lalín en concepto de subvención (Anexo VII)
- d) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo VIII)

8.3.-A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente o concello de Lalín poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Lalín, permitirase a súa presentación de forma presencial.

8.4.- Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en qué momento e ante qué departamento administrativo os presentou.

8.5.- A inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións será verificada de oficio por parte do órgano instructor.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a partires do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:57YMK7BSY5KTYOV6



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

As solicitudes valoraranse conforme aos seguintes criterios

	CRITERIO DE VALORACIÓN	PUNTUACIÓN
1	Número de integrantes da banda ou agrupación de música tradicional galega.	Ata 20 puntos
1.1	De 20 a 30 compoñentes	5 puntos
1.2	De 31 a 60 compoñentes	10 puntos
1.3	De 61 a 90 compoñentes	15 puntos
1.4	Máis de 90 compoñentes	20 puntos
2	Actividades formativas	Ata 20 puntos
2.1	Ten escola de música	5 puntos
2.2	Ten sección infantil	5 puntos
2.3	Ten sección xuvenil	5 puntos
2.4	Realiza campamentos ou xornadas formativas	5 puntos
3	Número de accións formativas realizadas (agás os concertos en festas patronais)	Ata 20 puntos
3.1	De 2 a 5	5 puntos
3.2	De 5 a 10	10 puntos
3.3	Máis de 10	20 puntos
4	Alumnado da escola de música	Ata 20 puntos
4.1	De 15 a 25 alumnos/as	5 puntos
4.2	De 26 a 50 alumnos/as	10 puntos
4.3	De 51 a 75 alumnos/as	15 puntos
4.4	Máis de 75 alumnos/as	20 puntos
5	Orzamento da banda ou agrupación de música tradicional galega	Ata 20 puntos
5.1	Ata 10.000 euros	5 puntos
5.2	De 10.001 a 20.000 euros	10 puntos
5.3	De 20.001 a 30.000 euros	15 puntos
5.4	Máis de 30.000 euros	20 puntos
6	Ámbito de divulgación e representación cultural de Lalín	Ata 20 puntos
6.1	Ámbito autonómico	5 puntos
6.2	Ámbito nacional	10 puntos
6.3	Ámbito internacional	20 puntos
7	Gravacións discográficas ou publicación	Ata 25 puntos
7.1	De 1 a 4 gravacións discográficas ou publicacións	5 puntos
7.2	De 5 a 9 gravacións discográficas ou publicacións	10 puntos
7.3	10 ou máis gravacións discográficas ou publicacións	25 puntos
8	Premios e mencións en certames	Ata 25 puntos
	1º premio	5 puntos
	2º premio	2 puntos
	3º premio	1 punto
9	Colaboracións con solistas e/ou directores/as convidados/as de prestixio	2 puntos por colaboración ata 24 puntos

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:57YMK7BSY5KTYOV6



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

DÉCIMOPRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE

11.1 Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, o órgano instructor encargado da tramitación do expediente requirirá a entidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

11.2 A notificación dos requirimentos practicarase só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCILOSEGUNDA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA CONTÍA

A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos na base décima e do número de solicitudes.

En ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. A tal efecto as solicitantes deberán declarar tódalas axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

En caso de que o conxunto das axudas supere o custo das actividades, esta axuda reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

DÉCIMOTERCEIRA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

13.1 A instrucción do procedemento corresponderalle a un técnico/a do Concello de Lalín designado polo alcalde, e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003.

No expediente de concesión das subvencións deberá figurar o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren os requisitos esixidos.

13.2 Constituirase unha Comisión Avaliadora que estará composta por:

- Dous concelleiros/as do grupo de goberno
- Dous técnicos/as municipais, un/unha dos cales actuará como secretario/a

A Comisión Avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvención presentadas, conforme aos criterios establecidos na Base décima, e elaborará unha acta na que se concrete o resultado de dita valoración. A Comisión Avaliadora terá competencia para



a interpretación das Bases no caso de que poida xurdir algunha incidencia ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia daquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben en informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia á Xunta de Goberno Local a aprobación das mesmas.

A Comisión, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria, realizará un informe que deberá expresar:

- Relación de solicitantes ás que se propón conceder a subvención con especificación da contía de subvención proposta para cada unha delas.
- Especificación dos criterios seguidos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

13.3 O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

DÉCIMOCUARTA.- RESOLUCIÓN.

14.1 A Xunta de Goberno Local resolverá o expediente de concesión de subvencións, previo informe de Intervención. Na tramitación do expediente estarase ó disposto nas Bases de execución do Presuposto municipal para o ano 2025.

14.2 O prazo máximo para resolver e notifica-la resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses dende o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes. A notificación levarase a cabo de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, o transcurso do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

14.3 De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, publicarase a concesión destas axudas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Así mesmo, o acordo de concesión será publicado no Taboleiro de Anuncios do Concello e na Sede Electrónica.

14.4 O Concello de Lalín notificará á Axencia Tributaria a relación de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

DÉCIMOQUINTA .- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCILOSEXTA.- XUSTIFICACIÓN

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe ó que ascende a subvención. De non xustificarse o total do importe concedido, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

As entidades beneficiarias deberán aportar a seguinte documentación aos efectos da xustificación da subvención antes do 30 de novembro de 2025.

1.- Solicitud de pagamento (Anexo IX)

2.- Conta xustificativa dos gastos subvencionables nas que se recollera a relación de facturas con identificación de acredor, CIF, numero da factura, data de expedición, importe e data de pagamento.

(Anexo X)

3.- Unha memoria xustificativa da totalidade das actividades subvencionadas realizadas durante o período subvencionable.(Anexo XI)

4.- Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012, de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003, de 17 de novembro (Lei Xeral de Subvencións e o seu Regulamento).

Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante, antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención para a realización de actividades e para gastos de funcionamento das bandas de música do Concello de Lalín.

Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se, a criterio do Concello, o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

Conterá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:57YMK7BSY5KTYOV6



Conterá os datos identificativos do destinatario, que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).

Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e o seu custo total, importe pagado e moeda. Deberá detallarse o IVE correspondente. Cando a cota se repercute dentro do prezo debera indicarse “IVE incluído”.

5.- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria ou cheque, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia ou pago por cheque.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicte o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación.

6.- Aos efectos da xustificación dos gastos de persoal, deberán aportar as nóminas acompañadas das transferencias bancarias do pago das mesmas, xunto cos recibos de liquidación de cotizacións da Seguridade Social (TC1) e a relación nominal de traballadores (TC2).

7.- No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 € sen IVE, teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos se para o gasto, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á concesión da subvención).

8.- Declaración xurada actualizada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública, de particulares ou de entidades privadas, tanto aprobadas como pendentes de resolución. (Anexo VIII)

9.- Mostras da publicidade realizada nas que figure o logo do Concello de Lalín como entidade colaboradora.

DÉCIMOSETIMA.-PAGAMENTO

17.1. O importe da subvención farase efectivo nun pagamento único, logo da acreditación da realización da actuación ou actividade e da presentación da documentación xustificativa sinalada no artigo anterior.

17. 2. Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

17. 3. Para pagar a subvención terase en conta:



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % aboarase a parte proporcional da subvención

17.4. Non obstante e excepcionalmente, se o órgano competente o considera oportuno, poderase acordar, motivadamente, o pagamento anticipado de ata o 60% da subvención para facer fronte aos gastos de persoal e dirección, previa solicitude da entidade beneficiaria na que deberá xustificar a insuficiencia de liquidez e realizar unha estimación dos gastos. (Anexo XII)

17.5. Antes de proceder ao pagamento da axuda deberá figurar no expediente a documentación acreditativa de que as entidades beneficiarias están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma nin co Concello de Lalín.

O aboamento da subvención practicaráselle directamente á entidade na conta bancaria indicada por esta.

DÉCIMOOITAVA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As subvencións recollidas nestas bases son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada ou dos gastos de funcionamento

DÉCIMONOVENA.- REINTEGRO E SANCIÓN

19.1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

19.2. As beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos no título IV da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións así como na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- CONTROL

